



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Juan Francisco Ferreira Gonzalez (1 para 1)
Alcalde Presidente de Gondomar
Data de Sinatura: 22/02/2017
HASH: e9eeef4cf4ee2ed11faa70385bd71a6d



BASES PARA A PROVISIÓN POR LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE GONDOMAR.

PRIMEIRA

Constitúe obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación do posto de traballo de Xefe do Corpo da Policía Local do Concello de Gondomar, e de conformidade co establecido na Lei 4/2007 de 20 de abril de Coordinación de Policía Local de Galicia e co contido e características recollidos na vixente relación de postos de traballo:

- Corporación: Concello de Gondomar
- Denominación: Xefe do Corpo da Policía Local.
- Número de postos a cubrir: 1

Características do Posto:

- O posto a cubrir atópase recollido na Relación de Postos de Traballo deste Concello.
- O complemento de destino asignado a este posto éo correspondente ao nivel 20/22.
- O sistema de provisión éo de libre designación.
- O complemento específico anual fixado para este posto é de 10.568,16 €, tralas modificacións nas leis de orzamentos xerais do estado a partir do 2011.



Cod. Validación: 9K2HLR23NP6K7SQ5FC5GN09Q | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

SEGUNDA

De conformidade co establecido no artigo 27.1 da Lei 4/2007 de Coordinación de Policía Local de Galicia, na convocatoria publica de libre designación poderán participar funcionarios de carreira que teñan a máxima categoría do cadro de persoal do corpo de Policía do concello, ou entre funcionarios de carreira dos corpos de Policía local doutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando pertenzan a unha categoría igual á da praza que se vai a proceder a cubrir e cumpran os requisitos do posto de traballo.

De conformidade co establecido no parágrafo anterior, a categoría para cubrir o posto de Xefe do Corpo recóllese na relación de postos de traballo aprobada na sesión plenaria de data 25/03/2010 e publicada no B.O.P. de Pontevedra núm. 78 de 27/04/2010, coa modificación da RPT e as indicacións dos postos de traballo modificados (ANEXO III) publicada no B.O.P. de Pontevedra núm. 57 de 23/03/2011.

En canto aos requisitos do posto de traballo, ademais dos sinalados na Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia haberá que estar ao disposto na Relación de Postos de Traballo do Concello de Gondomar, e que se describe na seguinte táboa:

Código	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO/ESCAL A /CATEGORÍA	GRUP O	NIVE L	C.E.	FORMA PROVISIÓ N	OBSERVACIÓNS
03.00.0 1	Xefe da Policía Local	F/S	AE/SE	A2/C1	20/22	10.568,16 €	L	Posto de L.D. Ao abeiro da LCPL



Cod. Validación: 9K2HLR23NP6KA75Q5FC5GND3Q | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

TERCEIRA

A convocatoria e as bases aprobadas polo Alcalde, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, contendo a denominación da escala e a categoría das prazas convocadas, o número de prazas, a Corporación que as convoca, o sistema de acceso, a data e o número dos Boletíns Oficiais en que se publicaron as bases.

As solicitudes presentaranse polos interesados no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, facendo constar que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria e na normativa vixente.

Estas instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente redactadas.

Así mesmo, poderán remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa instancia achegarase inescusablemente:

- Fotocopia do DNI.
- Un *curriculum vitae*; acompañado dos documentos xustificativos dos requisitos esixidos, así como dos méritos que se aleguen, mediante certificacións ou fotocopias compulsadas, pois non serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

CUARTA

Xunto co instancia deberá acreditarse o pago da taxa referente ao procedemento de selección e promoción de persoal incluída na Ordenanza



Cod. Validación: 9K2HLR23NP6KA7SQ5FCSGN09Q | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona espPublico | Páxina 3 a 6



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, taxa obrigatoria nestes procedementos:

GRUPO A2: 34,54 €

GRUPO C1: 25,98 €

QUINTA

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderase convocar aos candidatos para a celebración de entrevista persoal ou solicitar dos mesmos as aclaracións ou, no seu caso, a achega daquela documentación que se estime necesaria para os efectos de efectuar a selección do candidato máis adecuado.

O Alcalde, de consideralo necesario, poderá ordenar a constitución dunha Comisión de Valoración para os efectos do estudo e avaliación das solicitudes presentadas, que emita unha proposta non vinculante de candidato.

A Alcaldía, á vista da documentación achegada e, no seu caso, do resultado das entrevistas persoais, e da proposta da Comisión de Valoración, no seu caso, resolverá efectuando o nomeamento do candidato no prazo dun mes contado desde a finalización do de presentación de solicitudes. Este prazo poderá prorrogarse por outro mes.

As resolucións de nomeamento realizaranse de acordo cos principios de igualdade, obxectividade, mérito e capacidade e motivaranse con referencia ao cumprimento por parte do candidato elixido dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria.

A convocatoria poderá quedar deserta se ningún aspirante é elixido para ocupar o posto.

O nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia.



Cod. Validación: 9K2HLR22N1P8K47SQ5FC5GN0390 | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xosigna esPublico | Páxina 4 e 6



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

O candidato nomeado deberá proceder á toma de posesión no prazo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo. Este prazo empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se o nomeamento comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

SEXTA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SETIMA

A participación no presente proceso implica a prestación do consentimento por parte dos aspirantes para que os datos de carácter persoal por eles facilitados poidanse incorporar para o seu tratamento nun ficheiro automatizado, podendo este ser comunicado a terceiros coa única finalidade do desenvolvemento deste proceso de selección.

O Concello de Gondomar como responsable do ficheiro de datos persoais, garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal e, en particular o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.



Cod. Validación: 9K2HLR23NPKA78Q5FCSGNQ9C | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Póñense a disposición dos/as interesados/as os formularios para poder exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos persoais no enderezo do Concello de Gondomar en, Praza Dr. Latino Salgueiro, n.º 1 36380 Gondomar (Pontevedra) ou en lopd@concellodegondomar.com xuntando en ambos os casos copia do seu DNI para verificar a titularidade dos datos.

DOCUMENTO ASINADO POLO SR. ALCALDE ELECTRÓNICAMENTE NA
MARXE



Codi Validación: 9K2HLP23NPEK47S05FCSCN080 | Corrección: <http://concellodegondomar.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6